



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Outubro 2018

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 3,6% en outubro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, menos que no conxunto de España (4,7%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento das vendas do 3,4% e o Resto de produtos do 4,9%.
- En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 6,6% no mes de outubro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,2 puntos menos que no conxunto de España (7,8%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,1% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en dezaseis comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia no mes de outubro un 3,6%, 1,1 puntos menos que a nivel nacional (4,7%).


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 4,3% respecto a outubro de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 3,4% e achega 1,4 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación aumentan un 3,5%.
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 4,9% e achega 2,9 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas diminúen o 6,7%.

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,0%, dúas décimas máis que en España (0,8%). As vendas en Alimentación aumentan un 1,1% en Galicia e un 0,8% en España; as vendas do Resto de produtos crecen en Galicia un 1,2% e no conxunto do Estado un 1,0%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 1,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas en outubro. O maior incremento dáse en Murcia (6,0%) e Navarra (5,9%). As taxas máis baixas rexístranse en Canarias (2,9%) e Comunitat Valenciana (3,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2018

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León e Cataluña (ambas as dúas -0,3%) e Cantabria (-0,1%). O maior incremento rexístrase en Aragón (2,9%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de outubro de 2018, un incremento do 6,6% en Galicia, inferior ao de España (7,8%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 6,2% en Galicia e o 7,0% no conxunto de España. Desagregando por produtos, a Alimentación incrementa as vendas en Galicia un 5,5%, 0,2 puntos máis que a nivel nacional (5,3%). O Resto de produtos aumenta un 6,7% en Galicia e un 8,4% no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	108,5	6,6	2,9
Xeral sen estacións de servizo	107,7	6,2	2,2
Alimentación	104,5	5,5	2,7
Resto	109,6	6,7	1,9

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	6,2	2,2
Xeral sen estacións de servizo	2,2	1,6
Resto	3,9	0,6

Nos primeiros dez meses do ano, o índice xeral crece un 2,9% en Galicia, unha décima máis que no conxunto de España (2,8%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,1% no mes de outubro tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta o mesmo en Galicia e no conxunto do Estado, 0,9%.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en outubro en dezaseis comunidades autónomas. O maior incremento rexístranse en Illes Balears (2,4%) mentres que Castilla - La Mancha mostra a taxa máis baixa (0,0%).

No acumulado do ano, o maior incremento da ocupación rexístrase en Asturias (2,9%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha (-0,4%) e Andalucía (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Outubro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	108,5	6,6	2,9	103,2	3,6	1,0
Xeral sen estacións de servizo	107,7	6,2	2,2	103,2	4,3	1,1
Alimentación	104,5	5,5	2,7	99,1	3,4	1,1
Resto	109,6	6,7	1,9	106,1	4,9	1,2
España						
Xeral	110,7	7,8	2,8	105,6	4,7	0,8
Xeral sen estacións de servizo	109,8	7,0	2,1	105,7	5,3	0,9
Alimentación	110,6	5,3	2,5	105,0	3,5	0,8
Resto	109,1	8,4	1,7	106,2	6,7	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	109,4	4,7	2,6	105,3	1,7	0,8
Xeral sen estacións de servizo	108,1	3,7	1,9	104,8	1,7	0,9
Alimentación	104,7	2,6	2,4	100,0	1,3	0,8
Resto	109,9	4,2	1,6	109,4	2,7	0,9
España						
Xeral	110,0	4,5	2,6	106,0	1,8	0,7
Xeral sen estacións de servizo	109,5	4,9	1,9	106,6	3,3	0,8
Alimentación	109,1	3,6	2,4	103,9	1,2	0,7
Resto	109,8	6,1	1,6	108,9	4,5	0,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,7	7,8	2,8	105,6	4,7	0,8
Andalucía	109,0	8,1	2,6	104,4	5,6	0,8
Aragón	109,5	8,8	4,9	104,5	5,7	2,9
Asturias	107,0	6,8	2,6	102,4	3,9	0,8
Balears, Illes	120,2	8,4	3,4	115,5	5,7	1,5
Canarias	111,6	5,6	2,6	107,1	2,9	0,6
Cantabria	104,3	7,3	2,1	99,1	3,9	-0,1
Castilla y León	107,9	7,7	1,8	102,7	4,3	-0,3
Castilla-La Mancha	112,9	8,8	3,6	106,8	5,3	1,4
Cataluña	107,8	8,0	2,1	101,8	4,5	-0,3
Comunitat Valenciana	109,5	6,0	2,0	105,3	3,1	0,1
Extremadura	103,3	7,6	2,4	99,1	4,8	0,7
GALICIA	108,5	6,6	2,9	103,2	3,6	1,0
Madrid	117,7	8,7	3,9	112,4	5,4	1,8
Murcia, Región de	110,4	8,9	3,1	106,2	6,0	1,4
Navarra	113,2	9,3	3,8	108,4	5,9	1,8
País Vasco	109,6	8,0	3,2	104,2	5,3	1,3
Rioja, La	111,9	8,9	3,5	106,9	5,8	1,7
Ceuta	101,1	3,3	-0,2	97,2	1,6	-1,1
Melilla	109,9	7,3	1,9	105,1	5,5	0,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,5	1,1	0,9
Xeral sen estacións de servizo	102,1	1,1	0,9
España			
Xeral	103,9	1,1	0,9
Xeral sen estacións de servizo	103,8	1,1	0,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Outubro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,9	1,1	0,9
Andalucía	101,1	0,7	-0,1
Aragón	102,6	0,3	0,2
Asturias	106,4	1,9	2,9
Balears, Illes	111,4	2,4	2,4
Canarias	107,8	1,0	2,2
Cantabria	101,7	1,0	0,6
Castilla y León	102,8	0,9	0,5
Castilla-La Mancha	101,8	0,0	-0,4
Cataluña	102,8	0,9	0,3
Comunitat Valenciana	107,5	1,7	2,0
Extremadura	102,2	1,0	0,9
GALICIA	102,5	1,1	0,9
Madrid	104,9	1,9	1,6
Murcia	103,5	1,6	1,5
Navarra	103,7	1,3	0,5
País Vasco	102,8	0,5	0,4
Rioja, La	105,7	0,9	1,5
Ceuta	105,0	0,9	1,3
Melilla	102,9	1,9	1,5

Fonte: INE